

Protocolo de normas de recollida de datos meteorolóxicos

Normas xerais

- A hora da toma de datos procurarase que sexa sempre a mesma, no intervalo que vai das oito a nove da mañá.
- Todos os datos recollidos anotaranse no día anterior á toma da lectura, *excepto a temperatura mínima* que se anotará no mesmo día na Ficha descargable dende a páxina web.
- Os datos recollidos deberán engadirse alomenos unha vez por semana para a súa validación e posterior visualización na Web. Asemade, a Ficha completa coas incidencias mais reseñables debe enviarse a finais do mes por correo a dirección de MeteoGalicia ou ben por correo electrónico a clima@meteogalicia.es.
- Aconséllase non tocar o instrumental antes da lectura ou no seu caso o imprescindible necesario.
- O bo estado do instrumental e a súa limpeza é moi importante para a calidade dos datos.

Temperatura (°C)

O termómetro de mercurio componse dun capilar con dúas columnas tendo cada unha delas dous testigos azuis no seu interior. As variacións da temperatura o longo do día, reflectiranse no deslizamento do mercurio polo interior do capilar arrastrando consigo os testigos, quedando fixados para as temperaturas máxima e mínima do día.

A **temperatura máxima** obtense da lectura do extremo inferior do testigo da columna da **dereita** e a **temperatura mínima** do extremo inferior do testigo da columna **esquerda**.

Despois de lidas as temperaturas, procederase a deixar os testigos en contacto cos extremos do mercurio; para iso pousase o imán en cada un dos testigos e arrástranse polo interior da columna quedando deste xeito preparados para unha nova lectura.



A precisión é con un decimal de medio grao en medio grao. Por exemplo, 10.0, 11.5, 12.0.

Precipitación (mm o litros/m²)

A auga recollida no interior do pluviómetro medirase coa probeta subministrada a tal efecto, apoiada nunha superficie horizontal, lindo a cantidade na escala de 0 a 10. A precisión é con un decimal.

Percorrido do Vento (km)

Farase a diferenza entre a lectura do día e a do día anterior; o valor obtido será o percorrido do vento do día anterior.

Para o resto de fenómenos meteorolóxicos como treboada, néboa, etc... indicaranse cun “click” na correspondente casiña da páxina web.